Traballos tutelados	Estamos intentando organizar unha fórmula que permita unir esforzos e integrar contidos de diferentes materias de forma tal que eses traballos poidan adquirir un sentido máis profundo e interdisciplinar, diminuindo, á súa vez, a *proliferación de traballos solicitados aos estudantes. O esquema de traballo para este cuatrimestre, susténtase sobre a idea de: 8 temas, 2 libros, unha película e 4 casos. Cada unha das actividades (libros, películas e casos) levará consigo a realización dun informe. A competencia xeral a traballar nesta materia é a expresión escrita, tarefa que estará presente durante todo o periodo de clases a través dun blog (cada día de clase dous estudantes subirán ao blog o traballado en clase). Dun caderno de clase no que, separadamente das notas ou apuntes que cada un desexe tomar, e incluírá un resumo de 6 liñas que cada estudante anotará ao finalizar cada sesión de clase. Pediranse, tamén, pequenas redaccións nas que haberá de expresarse a asunción dalgún rol vinculado á vida dos nenos pequenos ou ao traballo educativo con eles/as.

### Atención personalizada

	Description
Traballos de aula	Asesoramento individual ou grupal na aula e nas sesións de titoría dos profesores.
Titoría en grupo	Asesoramento individual ou grupal na aula e nas sesións de titoría dos profesores.
Traballos tutelados	Asesoramento individual ou grupal na aula e nas sesións de titoría dos profesores.
Prácticas externas	Asesoramento individual ou grupal na aula e nas sesións de titoría dos profesores.

### Avaliación

	Description	Qualification
--	-------------	---------------

Traballos de aula	Neste apartado tomaranse en consideración a participación nas actividades de clase, 20 as entradas ao blog e os comentarios a entradas doutros compañeiros, os resumos e comentarios incluídos no caderno de clase.
Traballos tutelados	Neste apartado tomaranse en consideración os traballos ou informes, individuais ou 20 en grupo, que se vaian realizando ao longo do curso baixo supervisión dos profesores. Tamén a defensa pública deses traballos se así fora solicitado.
Prácticas externas	Tomaranse en consideración neste apartado as prácticas que se organicen en aulas 10 de educación infantil . Tamén as aportacións voluntarias dos estudantes sempre que éstas teñan que ver coa temática da materia: asistencia a Congresos, participación en actividades con nenos pequenos, etc., que deberán estar debidamente xustificadas.
Probas de tipo test	Neste apartado tomaranse en consideración os resultados na proba de tipo test e/ou 30 de resposta breve que se realizará ao final de cuatrimestre.
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Neste apartado tomaranse en consideración os resultados na proba tipo tema ou de 20 resposta longa que se fará a final de cuatrimestre.

### Other comments and second call

Para pasar satisfactoriamente a materia recoméndase asistir ás clases. A puntuación final será a suma das puntuacións obtidas en cada unha das partes, debendo obterse a puntuación mínima de 5 para aprobar a materia. Ásimesmo, é requisito ter aprobada a proba ou exame (2'5 sobre 5) para poder sumar as puntuacións do resto das probas e actividades obxecto de avaliación.

O formato do exame será concretado polos profesores durante a primeira semana de clase.

É probable que se programe algunha actividade en coordinación con outras materias, de xeito tal que a súa avaliación será realizada polos profesores correspondentes. De ser así, comunicarse ao alumnado no primeiro mes de clase.

Aquel alumnado que por circunstancias xustificadas non poida asistir regularmente ás clases deberá comunicarllo ao profesorado durante o primeiro mes de clases. A avaliación a adoptar con este será a realización dunha proba teórica dos contidos da materia (70%) e dun traballo práctico tutelado (30%).

As competencias non adquiridas na convocatoria de xaneiro (1º período) poderán ser recuperadas na convocatoria de xullo. Neste caso, manterase a nota das probas/actividades xa superadas ata esta segunda convocatoria.

Este documento é unha declaración de intencións sobre o traballo do alumnado na materia, polo que a información aquí contida ten carácter orientativo e pode sufrir lixeiras modificacións derivadas do consenso co grupo clase ou circunstancias imprevistas.

No seguinte enlace pódese consultar día/hora/lugar do examen (apartado *datos exames*):

Á <http://webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php>

### Bibliografía. Fontes de información

- ZABALZA, M., Didáctica de la Educación Infantil, Narcea, 2008
- ZABALZA, M., Diseño y desarrollo curricular, Narcea, 2000
- ZABALZA, M. y otros, La calidad en la educación infantil, Narcea, 2008
- Willis, A. y Ricciuti, H. , Orientaciones para la escuela infantil de cero a dos años, Morata, 2000
- MARINA, J.A., El cerebro infantil, Up (Ariel), 2011
- MAJEM y ÓDENA, Descubrir jugando, Octaedro, 2007
- Goldschmied, E. y Jackson, S. , La Educación Infantil de 0 a 3 años. , Morata, 2000
- Gardner, H. , Las Inteligencias múltiples. , Paidós, 1998
- Fortunato, Aldo , La educación de los niños como proyecto de la comunidad. , Octaedro, 2006
- Borghi, Q. , Los talleres en Educación Infantil. Espacios de crecimiento. , Graó, 2005
- Antón, Montserrat , Planificar la etapa 0-6. , Graó, 2008, 2ª edic.
- Borghi, Q., Educar en el 0-3, Graó, 2010

Outras referencias, revistas e links de interese iranse aportando durante o desenvolvemento das clases.

### Recomendacións

#### Subjects that continue the syllabus

Educación: Organización do centro escolar/O05G110V01203  
Educación: Escola inclusiva e atención á diversidade/O05G110V01302

---

### **Subjects that are recommended to be taken simultaneously**

Educación: Novas tecnoloxías aplicadas á educación infantil/O05G110V01103  
Psicoloxía: Psicoloxía do desenvolvemento de 0-6 anos/O05G110V01104

---

### **Other comments**

A proposta docente que se presenta pretende habituar aos estudantes ao manexo correcto do vocabulario e os conceptos propios do ámbito curricular. Non se trata, polo tanto, de memorizar definicións, nomes e datas senon de comprender con claridade o significado dos termos e nocións que servirán de material de traballo nesta e noutras materias do bloque. Vivir a educación é moito máis que saber empregar unhas ferramentas técnicas. Os nenos e nenas pequenos precisan de mestres e mestras que saiban traballar cun estilo comprometido e alegre capaz de xerar neles ilusión por aprender cousas novas; que saiban ir abríndolles camiños novos no seu desenvolvemento. É por iso que daremos moita importancia, a través da escritura, á forma en que cada estudante vive e sente no mundo da infancia.

As clases desta materia contarán co apoio dos materiais que a disposición do alumnado estarán na plataforma de teleformación TEMA.

Seguindo a filosofía BYOD ("bring your own device"), poderanse traer ás clases aqueles dispositivos móbiles (tablets, smartphones, ipods, etc) que o alumno/a considere relevantes no seu proceso de ensino-aprendizaxe. Espérase do alumnado un uso eficiente e ético destes dispositivos na clase.

---

**IDENTIFYING DATA****Educación: Novas tecnoloxías aplicadas á educación infantil**

Subject	Educación: Novas tecnoloxías aplicadas á educación infantil			
Code	O05G110V01103			
Study programme	Grao en Educación Infantil			
Descriptors	ECTS Credits	Type	Year	Quadmester
	6	Basic education	1	1c
Language	Castelán Galego			
Department	Didáctica, organización escolar e métodos de investigación			
Coordinator	Doval Ruiz, María Isabel			
Lecturers	Doval Ruiz, María Isabel			
E-mail	mdoval@uvigo.es			
Web				

**General description** Esta materia cumpre un papel fundamental derivado do seu carácter instrumental e formativo:

- Ten un carácter instrumental porque traballa as competencias necesarias para o manexo das tecnoloxías como ferramentas para a busca, o tratamento, a organización e a representación da información. Neste senso, serve de apoio a outras materias do plano de estudos
- Ten un carácter formativo porque ofrece unha nova visión de cómo ensinar e cómo aprender na escola dentro da sociedade da información e o coñecemento. Nesta materia terás a oportunidade de coñecer, analizar e valorar cal é o novo papel do profesor, dos alumnos e dos elementos que configuran o acto didáctico, cal é a nova maneira de ensinar e aprender coa tecnoloxía. Así coñecerás, entre outras cousas, novos recursos didácticos con base tecnolóxica, cómo deseñar e elaborar materiais didácticos empregando a tecnoloxía, qué estratexias de traballo empregar coas novas tecnoloxías na escola,...

Por último, como mestre será necesario que sexas capaz de axudar ós teus alumnos a desenvolverse neste novo entorno tecnolóxico pero cunha visión crítica e reflexiva, que lle permita descubrir nas tecnoloxías unha ferramenta non só para o ocio e o tempo de lecer, senón tamén para a súa formación como cidadáns libres e responsables.

**Competencias de titulación**

Code	
A4	Proporcionar ás alumnas e aos alumnos recursos para fomentar a convivencia na aula e fóra dela e abordar a resolución pacífica de conflitos. Saber observar sistematicamente contextos de aprendizaxe e convivencia e saber reflexionar sobre eles
A7	Coñecer as implicacións educativas das tecnoloxías da información e a comunicación e, en particular, da televisión na primeira infancia
A9	Coñecer a organización das escolas de educación infantil e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento. Asumir que o exercicio da función docente debe perfeccionarse e adaptarse aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais ao longo da vida
A11	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela nos estudantes
A12	Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos colexios de educación infantil e aos seus profesionais. Coñecer modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros educativos
B1	Capacidade de análise e síntese
B2	Capacidade de organización e planificación
B5	Coñecemento de informática
B6	Capacidade de xestión da información
B9	Traballo en equipo
B13	Razoamento crítico
B15	Aprendizaxe autónoma
B21	Motivación pola calidade

**Competencias de materia**

Subject competences	Typology	Competences
- Analizar o contexto da actual sociedade da información e reflexionar sobre o novo contorno social e educativo que xeran as Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TICs), dando lugar á necesidade de adquirir novas competencias persoais e profesionais.	saber	A9 A11 B2 B6 B9 B13 B15 B21
- Analizar as linguaxes audiovisuais e as súas implicacións educativas.	saber saber facer	A7 B1 B6
- Construír unha base de coñecementos, actitudes e habilidades técnicas útiles para o futuro mestre no desenvolvemento da súa actividade profesional que lle permitan unha axeitada utilización dos recursos tecnolóxicos ao seu alcance, analizando e reflexionando sobre as implicacións que a devandita utilización ten no deseño e desenvolvemento curricular.	saber saber facer	A7 A9 A11 B2 B5 B6 B9 B15 B21
- Ser quen de buscar, seleccionar e avaliar ou deseñar e construír materiais didácticos en soporte tecnolóxico adaptados ás características dos alumnos e dos contidos de aprendizaxe, así como de realizar unha proposta didáctica de integración curricular en contextos específicos.	saber saber facer	A7 A11 B2 B5 B6 B15
- Adquirir as habilidades necesarias para o manexo técnico, a produción de materiais e a utilización didáctica dos diversos medios e recursos tecnolóxicos: cámara fotográfica, cámara de vídeo, videoproxector, ordenador, impresora, escáner e Internet, etc.	saber facer	A7 B5 B6 B15
- Adquirir as habilidades necesarias para unha axeitada xestión da información con fins educativos: busca, selección, tratamento, organización e representación da información.	saber facer	A7 A11 B5 B6 B15
- Reflexionar criticamente sobre os determinantes sociais, psicolóxicos e ideolóxicos dos procesos de comunicación e formación mediados por tecnoloxía.	saber	A7 A11 B5 B6 B15
- Desenvolver as capacidades de colaboración, participación activa e traballo en equipo como instrumentos básicos da formación como futuros docentes, e tomar conciencia de que o ensino é un labor de equipo.	Saber estar / ser	A7 A11 B5 B6 B9 B15
- Traballar autonomamente, cun posicionamento académico e unha actitude investigadora ante os procesos educativos en xeral e a educación virtual ou e-learning, en particular.	Saber estar / ser	A7 B5 B6 B15
- Fomentar experiencias de iniciación ás tecnoloxías da información e da comunicación.	saber facer	A7 B5 B6 B15
- Abordar a análise de campo mediante metodoloxía observacional empregando tecnoloxías da información, documentación e audiovisuais.	saber facer	A4 A7 B1 B5 B6

- Analizar e incorporar de forma crítica as cuestións máis relevantes da sociedade actual que afectan á educación familiar e escolar: impacto social e educativo das linguaxes audiovisuais e das pantallas.	saber saber facer	A7 A12 B1 B6 B9 B15
--	----------------------	------------------------------------

---

## Contidos

Topic	
PARTE TEÓRICA	10 temas
Tema 1: As TIC na sociedade da información	1.1. Alfabetización tecnolóxica e competencia dixital 1.2. Impacto social e educativo da cultura audiovisual e dixital 1.3. Papel dos centros educativos na sociedade da información
Tema 2: A integración das TIC en contextos educativos	2.1. Factores que inflúen na súa integración 2.2. Perspectivas curriculares e modelos de integración das TIC 2.3. Proxectos europeos, nacionais e galegos de implantación das TIC nos centros 2.4. m-learning (mobile learning) e o movemento BYOD (Bring Your Own Device) nos centros educativos.
Tema 3: Recursos multimedia para a educación	3.1. Concepto, clasificación e características dos multimedia educativos 3.2. Funcións e orientacións para o uso didáctico do multimedia educativo 3.3. Selección e avaliación de multimedias educativas. 3.4. Deseño e elaboración de materiais didácticos multimedia.
Tema 4: Recursos web para a educación	4.1. Ferramentas de comunicación en educación 4.2. Aplicacións educativas da Web 2.0 4.3. Metodoloxías de traballo con Internet na aula: webquest, cazas do tesouro...
Tema 5: Novas posibilidades educativas e desafíos na rede	5.1. Seguridade da infancia en Internet 5.2. Entornos virtuais de ensinanza-aprendizaxe 5.3. Traballo colaborativo con TIC 5.4. Realidade aumentada
Tema 6: A linguaxe audiovisual e os medios de comunicación de masas	6.1. Lectura de imaxes. A imaxe dixital. 6.2. A televisión e a publicidade na aula. 6.3. Outros medios de comunicación de masas na aula.
Tema 7: Utilización educativa do vídeo e do cine	7.1. Funcións do vídeo na ensinanza 7.2. Metodoloxía, uso e explotación didáctica dos vídeos 7.3. Integración do cine en educación
Tema 8: Inclusión educativa con apoio das TIC	8.1. As tecnoloxías de apoio a diversidade: tipoloxías e funcións. 8.2. Criterios para a súa inclusión no curriculum. 8.3. Ventaxas e criterios para o uso das TIC na inclusión do alumnado.
Tema 9: Novos recursos TIC para os procesos de ensino- aprendizaxe	9.1. Do libro de texto ao libro dixital 9.2. Metodoloxía de traballo coa pizarra dixital interactiva (PDI) na aula 9.3. Espazos TIC: aula de informática, ordenador na aula ou aprendizaxe ubicua
Tema 10: A avaliación e a titoría a través das TIC	10.1. O portafolio e a rúbrica para a avaliación e seguemento de aprendizaxes 10.2. A acción titoral mediada por TIC

## PARTE PRÁCTICA

Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia. Desenvólvense a través das TIC de xeito autónomo en espazos especiais con equipamento especializado. As prácticas, que se concretarán na primeira semana de clase en función dos coñecementos previos dos alumnos e a disponibilidad de recursos, serán proxectos de traballo individuais ou en pequeno grupo e xirarán en col dos seguintes eixos:

1. Ferramentas para o traballo colaborativo en rede.
2. Análise e selección de materiais e recursos educativos en formato dixital
3. Planificación e deseño de materiais e recursos educativos en formato dixital
4. Ferramentas para a titoría, xestión e organización do centro e aula.
5. Periódico escolar dixital
6. TV e radio dixital escolar
7. Dispositivos móbiles na aula (tablets, smartphone, iPod...) e BYOD
8. Protección de datos e seguridade da infancia en Internet
9. Realidade aumentada
10. Libros electrónicos
11. Stop-motion
12. Mapas sonoros xeo-referenciados
13. Robótica en educación infantil
- 14 Calquera outro relacionado coa materia e previamente negociado coa profesora

O produto final será un E-PORTFOLIO que se elaborará ao longo do cuadrimestre e que deberá conter, entre outros, a colección ou recompilación en formato dixital de cada unha das tarefas e reflexións que cada alumno irá ensamblado, mantendo e coidando.

O resultado final da parte práctica será defendido oralmente ao final do cuadrimestre. Dita sesión incluírá a defensa dunha parte do proxecto en inglés e unha sesión póster.

### Planificación docente

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Traballos de aula	2	4	6
Titoría en grupo	2	10	12
Prácticas en aulas de informática	30	45	75
Sesión maxistral	16.5	16.5	33
Cartafo/dossier	2	14	16
Probas de tipo test	0.5	3.5	4
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	0.5	3.5	4

\*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

### Metodoloxía docente

	Description
Traballos de aula	O estudante desenvolve exercicios ou proxectos vinculados a cada un dos temas.
Titoría en grupo	Entrevistas que o alumnado mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe. Van encamiñadas a guiar todo o proceso de aprendizaxe proporcionando documentación, resolvendo dúbidas, orientando traballos, corrixindo propostas, etc.
Prácticas en aulas de informática	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia. Desenvólvense a través das TIC de forma autónoma. A última práctica consistirá na exposición e defensa dos traballos desenvolvidos e unha sesión póster.
Sesión maxistral	Exposicións sobre contidos da materia, bases teóricas e/ou directoras dun traballo, exercicio ou práctica a desenvolver individual ou en grupo.

### Atención personalizada

	Description
--	-------------

Traballos de aula	Atención personalizada a demanda do alumnado, nas sesións específicas previstas para iso e mediante o horario de titoría sinalado.
Prácticas en aulas de informática	Atención personalizada a demanda do alumnado, nas sesións específicas previstas para iso e mediante o horario de titoría sinalado.

### Avaliación

	Description	Qualification
Traballos de aula	Tarefas de ampliación de contidos da materia e realización de actividades vencellados ás clases teóricas	10
Prácticas en aulas de informática	Producción das actividades prácticas de laboratorio.	25
Cartafol/dossier	Resultados das actividades prácticas de laboratorio en formato e-portfolio. Inclúe a defensa e a exposición do produto final e a sesión póster.	25
Probas de tipo test	Probas tipo test e de resposta breve sobre os contidos teóricos da materia.	30
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Probas tipo tema ou de resposta longa sobre os contidos teóricos da materia	10

### Other comments and second call

- Para superar a materia é necesario ter unha puntuación mínima na teoría (2'5 puntos sobre 5) e nas prácticas (2'5 puntos sobre 5). As competencias non adquiridas na convocatoria de xuño serán avaliadas na de xullo e, de no superarse, non se gardarán as notas para o curso seguinte.

- Para ser calificados/as a través da avaliación continua requírese a asistencia do alumnado, ó menos, ó 70% das sesións prácticas e teóricas respectivamente. Outras situacións excepcionais que merezan un trato específico analizaranse no seu momento.

- As datas de realización do exame final-oficial, que realizará obrigatoriamente o alumnado non asistente para superar a materia serán as que figuran no calendario de exames da Facultade.

- O lugar de publicación das calificacións e da revisión será no taboleiro de anuncios do despacho do profesorado responsable e/ou na Plataforma Tema-Faitic ou en calquera outro espazo dixital que se lle especifique. Se o alumno/a non especifica durante a primeira semana de clase, enténdese que dá o seu permiso para que os seus datos (nome completo e DNI) aparezan nos listados de notas, tanto en Faitic como noutro espazo. A data de revisión será a publicada pola facultad ou no seu defecto polo profesorado.

- Segundo a normativa vixente, con independencia da súa asistencia ou non as clases, o alumnado gozará de condicións equivalentes de avaliación.

Na Web da Facultade pódese consultar día/hora/lugar do examen (apartado *datas exames*).

### Bibliografía. Fontes de información

Raposo Rivas, M., *Novas tecnoloxías aplicadas a educación: aspectos técnicos e didácticos*, 2002,

Martínez Figueira, M.E. (coord), *TIC para a inclusión do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo*, 2013, Vigo: Universidade de Vigo

Cebrian De la Serna, M.; Gallego Arrufat, M.J. , *Procesos educativos con TIC en la sociedad del conocimiento*, 2011, Madrid: Pirámide.

Raposo Rivas, M. e Martínez Figueira, M.E. (coord), *As TIC e as súas aplicacións na aula: misión posible*, 2012, Noia: Toxosoutos

Outras lecturas recomendadas:

Libros:

Raposo Rivas, M. e Doval Ruiz, M<sup>a</sup> I. (2005) *Practicando con TICs en contextos formativos*. Ourense: Aceroplus.

Cabero Almenara, J. (Coord); Alonso García, C. M. y otros (2007) *Tecnología educativa*. Madrid: McGraw-Hill, Interamericana de España.

Cabero Almenara, Julio y Romero Tena, Rosalía (coords.) (2007) *Diseño y producción de TIC para la formación*. Barcelona: UOC Editorial.

Cabero, J; Córdoba, M. y Fernández Batanero, J. M. (Coords.) (2007) *Las TIC para la igualdad. Nuevas tecnologías y atención*



a la diversidad. Sevilla: Eduforma.

Salinas, J., I. Aguaded e J. Cabero (coords.) (2004) Tecnologías para la educación: diseño, producción y evaluación de medios para la formación docente. Madrid: Alianza Editorial.

Un completo listado de revistas, bases de datos, canais en Youtube e outros recursos electrónicos serán facilitados durante a primeira semana de clase a través da plataforma de teleformación da Universidade de Vigo.

---

## **Recomendacións**

---

### **Other comments**

RECOMÉNDASE: 1) Asistencia continua ás sesións de teoría e prácticas. A asistencia considérase fundamentalmente para o seguimento da materia por parte do alumnado e para a avaliación, por parte dos docentes, do grao de desenvolvemento das capacidades instrumentais e procedimentais. Máis de 3 faltas supón a presentación obrigatoria do alumno/a ao exame práctico da materia. 3 ou menos faltas terán que recuperarse do modo acordado coa profesora. 2) Dominio da informática a nivel usuario, o que supón o manexo de aplicacións de carácter xeral (por exemplo, un tratamento de textos, unha base de datos e un programa de presentacións), do correo electrónico e Internet. 3) Actitude favorable e receptiva para a experimentación e exploración das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías no eido educativo. 4) Que o alumnado non asistente o comunique o antes posible para determinar as alternativas metodolóxicas e de avaliación que se van seguir. 5) Emprego efectivo e ético da tecnoloxía móbil na aula. 6) Dispor de conta en Gmail e Uvigo 7) Dispor de conta en Dropbox

---

**IDENTIFYING DATA****Psicología: Psicología do desenvolvemento de 0-6 anos**

Subject	Psicología: Psicología do desenvolvemento de 0-6 anos			
Code	O05G110V01104			
Study programme	Grao en Educación Infantil			
Descriptors	ECTS Credits	Type	Year	Quadmester
	6	Basic education	1	1c
Language	Castelán Galego			
Department	Psicología evolutiva e comunicación			
Coordinator	Sueiro Domínguez, Encarnación			
Lecturers	Sueiro Domínguez, Encarnación			
E-mail	encarnacion.sueiro.dominguez@ser			
Web	http://			
General description	Trátase dunha materia de carácter básico, situada no primeiro curso do grao de educación infantil. Facilita a comprensión das claves do desenvolvemento humano e os cambios que teñen lugar nos procesos psicolóxicos (memoria, cognición, linguaxe, etc.) ao longo do período de 0 a 6 anos. Estes coñecementos son nucleares na formación de mestres/as que representan unha ferramenta indispensable para poder contribuír ao desenvolvemento de nenos e nenas a través dunha axeitada planificación dos seus procesos de aprendizaxe.			

**Competencias de titulación**

Code	
A2	Capacitar os docentes para que aprendan a promover e facilitar as aprendizaxes na primeira infancia, desde unha perspectiva globalizadora e integradora das diferentes dimensións cognitiva, emocional, psicomotora e volitiva
A3	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade que atendan ás singulares necesidades educativas dos estudantes, á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos
A6	Coñecer a evolución da linguaxe na primeira infancia, saber identificar posibles disfuncións e velar pola súa correcta evolución. Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e multilingües. Expresarse oralmente e por escrito e dominar o uso de diferentes técnicas de expresión
B1	Capacidade de análise e síntese
B2	Capacidade de organización e planificación
B3	Comunicación oral e escrita
B6	Capacidade de xestión da información
B8	Toma de decisións
B9	Traballo en equipo
B11	Habilidades nas relacións interpersoais
B12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
B13	Razoamento crítico
B15	Aprendizaxe autónoma

**Competencias de materia**

Subject competences	Typology	Competences
Coñecer as características dos estudantes de infantil así como os seus contextos coa finalidade de estimular e potenciar o desenvolvemento persoal de nenos e nenas.	saber saber facer	A2 A3 A6 B1 B8 B12
Dominar os coñecementos necesarios para comprender o desenvolvemento da personalidade dos estudantes de infantil.	saber	A2 A6 B1 B12 B13

Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas en psicoloxía do desenvolvemento na idade infantil.	saber facer	A2 A3 B2 B3 B6 B8
Promover o traballo autónomo e en equipo coa finalidade de mellorar o logro académico e desenvolver estratexias que permitan posteriormente participar na mellora dos procesos de desenvolvemento a través das prácticas educativas.	saber facer Saber estar / ser	B3 B9 B11 B15

### Contidos

Topic	
Paradigmas e teorías do desenvolvemento humano.	Desenvolvemento psicolóxico. Estudo do desenvolvemento humano. Controversias conceptuais. Modelos e teorías explicativas do desenvolvemento.
Desenvolvemento físico e psicomotor.	Desenvolvemento prenatal e neonatal. Control do corpo e actividade psicomotriz. Esquema corporal. Lateralización.
Desenvolvemento cognitivo.	Desenvolvemento da atención. Desenvolvemento da memoria e utilización de estratexias. Orixes da representación mental e sistemas de representación. Razoamento e utilización de regras.
Desenvolvemento comunicativo e lingüístico.	Inicios da comunicación e a interacción social. Comunicación preverbal. Intención comunicativa. Desenvolvemento da linguaxe: fonolóxico morfosintáctico, semántico e pragmático. Comunicación, linguaxe e pensamento.
Desenvolvemento da personalidade e afectivo-sexual.	Temperamento e desenvolvemento da personalidade. Vocabulario básico/técnico elemental. A nosa orixe. Vínculo afectivo e apego. Desenvolvemento da emocións. Coidados básicos do corpo. Coñecemento dun mesmo: Autoconcepto e Autoestima. Identidade de xénero e roles. Abusos sexuais e como evitalos. Preguntas que adoitan realizar as e os menores.
Desenvolvemento social: interaccións e relacións sociais.	Coñecemento social e desenvolvemento de normas e valores. Relacións con iguais. Os irmáns. Interaccións sociais e xogo. Agresividade. Conduta prosocial. A parella, a familia e os vínculos familiares e a colaboración de todas as persoas nas actividades domésticas.

### Planificación docente

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Actividades introductorias	2	0	2
Sesión maxistral	10	0	10
Traballos de aula	13	14	27
Presentacións/exposicións	16	44	60
Traballos tutelados	6	18	24
Outras	2	0	2
Cartafol/dossier	5	20	25

\*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

### Metodoloxía docente

	Description
Actividades introductorias	Actividades dirixidas a tomar contacto e recoller información do alumnado e presentación da materia.

Sesión maxistral	Exposición por parte do profesorado dos contidos da materia ou as directrices dos traballos ou actividades a desenvolver polo estudante
Traballos de aula	Proposta e resolución de actividades e traballos de grupo na aula baixo a supervisión da docente.
Presentacións/exposicións	Presentación por escrito dos traballos realizados e a súa exposición, individualmente ou en grupo, na aula.
Traballos tutelados	O alumnado por escrito e oralmente na aula, actividades ou exercicios adaptados ao alumnado de educación infantil.

### Atención personalizada

	Description
Presentacións/exposicións	Orientacións ao alumnado de forma presencial (na aula ou en titoría) ou non presencial sobre cuestións relacionadas co desenvolvemento da materia.
Traballos de aula	Orientacións ao alumnado de forma presencial (na aula ou en titoría) ou non presencial sobre cuestións relacionadas co desenvolvemento da materia.
Traballos tutelados	Orientacións ao alumnado de forma presencial (na aula ou en titoría) ou non presencial sobre cuestións relacionadas co desenvolvemento da materia.

### Avaliación

	Description	Qualification
Presentacións/exposicións	Presentación por escrito e exposición na aula, individualmente ou en grupos, dos traballos desenvolvidos.	20
Traballos de aula	Exercicios, traballos e actividades realizadas na aula baixo as directrices ou supervisión do profesorado. Pode estar vinculada ao desenvolvemento de actividades autónomas do estudante.	10
Traballos tutelados	O estudante presenta por escrito e oralmente, actividades ou exercicios adaptados ao alumnado de educación infantil.	20
Cartafol/dossier	Carpeta que inclúe de forma sistematizada un conxunto de documentos e evidencias 20 realizados polos estudantes de xeito individual e colectivo que son indicadores de cal foi o seu traballo respecto a un proxecto de traballo determinado, na que debe mostrarse dominio abondo dos contidos, relacións significativas entre os contidos e debe estar expresada de xeito sistematizado e coherente.	
Outras	Traballo autónomo tutelado relacionado cos contidos da materia	30

### Other comments and second call

Na convocatoria de Xullo, únicamente se avaliarán as competencias ou actividades non superadas na convocatoria correspondente ao seu cuadrimestre.

No caso de que algún estudante non poida ser obxecto dunha avaliación continua, nin o seu traballo poida ser titorizado polo docente, ademáis de presentar un traballo relacionado coa materia, individualmente ou en pequeno grupo, realizará unha proba de elaboración que terá en conta tanto os contidos teóricos como os contidos prácticos, onde a nota final será a media entre as dúas obtidas, e tendo que estar ambas superadas, para poder ser calculada.

No seguinte enlace pódese consultar o día/hora/lugar do examen (apartado *datas exames*):

Â <http://webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php>

### Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Delval, J. (1994). *El desarrollo humano*. Madrid: Siglo XXI.

Donaldson, M. (1979). *La mente de los niños*. Madrid: Morata.

Palacios, J, Marchesi, A. y Coll, C. (comps.) (1999). *Desarrollo psicológico y educación: Vol. I. Psicología Evolutiva*. Madrid:

Alianza Editorial.

Perinat, A. (2003). *Psicología del desarrollo. Un enfoque sistémico*. Barcelona. Editorial UOC

#### Bibliografía Complementaria

Baltes, P. B., Reese, H. W. & Nesselroade, J. R. (1981). *Métodos de investigación en psicología evolutiva: enfoque del ciclo vital*. Madrid: Morata

Berger, K.S. y Thompson, R.A. (1997). *Psicología del desarrollo: Infancia y Adolescencia*. Madrid: Editorial Médica Panamericana.

---

Clemente, R. A. y Hernández, C. (1996). *Contextos de desarrollo psicológico y educación*. Málaga: Aljibe

Córdoba, A. I.; Descals, A. y Gil, M.D. (2006). *Psicología del Desarrollo en la Edad Escolar*. Madrid: Pirámide

Corral, A. y Pardo, P. (2001) *Psicología Evolutiva I. Introducción al desarrollo*. Madrid: UNED

Craig, G.J. (1997). *Desarrollo Psicológico*. México: Prentice-Hall Hispanoamericana.

Delgado, B. (2009). *Psicología del Desarrollo. Desde la Infancia a la vejez*. Madrid: McGrawHill

García Madruga, J.A. y Pardo, P. (1997). *Psicología Evolutiva, Vol. 2*. Madrid: UNED.

García Madruga, J.A.; Gutiérrez Martínez, F. y Carriedo López, N. (2002). *Psicología evolutiva II. Desarrollo cognitivo y lingüístico. Vol. 1*. Madrid: UNED. Pp. 287-322.

Giménez-Dasi, M. y Mariscal, S. (2008). *Psicología del Desarrollo. Desde el nacimiento a la primera infancia*. Madrid: McGraw Hill

González, A.M., Fuentes, M.J., de la Morena, M.L. y Barajas, C. (1995). *Psicología del desarrollo: teoría y prácticas*. Málaga: Aljibe.

Hoffman, L., Paris, S. y Hall, E. (1995). *Psicología del desarrollo hoy (Vol. 1 y 2)*. Madrid: McGraw-Hill.

Martí Sala, E. (1991). *Psicología evolutiva: teorías y ámbitos de investigación*. Barcelona: Anthropos.

Morrison, G.S. (2005). *Educación Infantil*. Madrid: Pearson.

Ortega, R. (1999). *Crecer y aprender. Curso de Psicología del desarrollo para educadores*. Madrid: Visor

Palacios, J. y Rodrigo, M. J. (2001). *La familia como contexto de desarrollo humano*. Madrid: Alianza.

Papalia, D. y Olds, S.W. (2010). *Desarrollo humano*. Bogotá: McGraw-Hill Interamericana.

Pérez, M. (1995). *Nuevas perspectivas en psicología del desarrollo*. Madrid: Alianza.

Rice, F.P. (1997). *Desarrollo Humano. Estudio del Ciclo Vital*. México: Prentice-Hall.

Trianes, M.V. y Gallardo, J.A. (coord.) (2004). *Psicología de la educación y del desarrollo en contextos escolares*. Madrid: Pirámide.

---

#### Recomendaciones

##### Subjects that continue the syllabus

Psicología: Psicología da educación: Procesos de aprendizaxe infantil/O05G110V01205

Psicología: Fundamentos psicológicos da intervención temperá/O05G110V01304

Psicología: Identificación, prevención e tratamento dos trastornos do desenvolvemento e da conduta/O05G110V01402

Psicología: Prevención e tratamento das dificultades na aprendizaxe infantil/O05G110V01305

---

**Other comments**

---

(\*)RECOMÉNDASE: - A asistencia á primeira sesión de clase para poder coñecer os obxectivos da materia, a planificación xeral e as opcións de avaliación da mesma.- A asistencia continuada ás sesións de clases para poder seguir o desenvolvemento da materia por parte dos estudantes- O uso continuado da plataforma virtual na que se recollen actividades, orientacións e criterios de avaliación para o correcto desenvolvemento da materia.

---

**IDENTIFYING DATA****Sociology: Sociology of education**

Subject	Sociology: Sociology of education			
Code	O05G110V01105			
Study programme	(*)Grao en Educación Infantil			
Descriptors	ECTS Credits	Type	Year	Quadmester
	6	Basic education	1st	1st
Language	Spanish Galician			
Department				
Coordinator	Casado Neira, David			
Lecturers	Casado Neira, David Gómez Suárez, Águeda			
E-mail	dcneira@uvigo.es			
Web	<a href="http://webs.uvigo.es/dcneira">http://webs.uvigo.es/dcneira</a>			
General description	(*)Nesta materia abórdanse os aspectos sociais (nin pedagóxicos, nin didácticos) que inciden na educación primaria.			

**Competencies**

Code	
A4	(*)Proporcionar ás alumnas e aos alumnos recursos para fomentar a convivencia na aula e fóra dela e abordar a resolución pacífica de conflitos. Saber observar sistematicamente contextos de aprendizaxe e convivencia e saber reflexionar sobre eles
A6	(*)Coñecer a evolución da linguaxe na primeira infancia, saber identificar posibles disfuncións e velar pola súa correcta evolución. Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e multilingües. Expresarse oralmente e por escrito e dominar o uso de diferentes técnicas de expresión
A8	(*)Coñecer fundamentos de dietética e hixiene infantís. Coñecer fundamentos de atención prematura e as bases e desenvolvementos que permiten comprender os procesos psicolóxicos, de aprendizaxe e de construción da personalidade na primeira infancia
A10	(*)Actuar como orientador de pais e nais en relación coa educación familiar no período 0-6 e dominar habilidades sociais no trato e relación coa familia de cada estudante e co conxunto das familias
A12	(*)Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos colexios de educación infantil e aos seus profesionais. Coñecer modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros educativos
B1	(*)Capacidade de análise e síntese
B2	(*)Capacidade de organización e planificación
B3	(*)Comunicación oral e escrita
B5	(*)Coñecemento de informática
B6	(*)Capacidade de xestión da información
B7	(*)Resolución de problemas
B8	(*)Toma de decisións
B9	(*)Traballo en equipo
B11	(*)Habilidades nas relacións interpersoais
B12	(*)Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
B13	(*)Razoamento crítico
B14	(*)Compromiso ético
B15	(*)Aprendizaxe autónoma
B16	(*)Adaptación a novas situacións
B17	(*)Creatividade
B18	(*)Liderado
B20	(*)Iniciativa e espírito emprendedor
B21	(*)Motivación pola calidade

**Learning aims**

Subject competences	Typology	Competences
(*)Manter unha relación crítica e autónoma respecto dos saberes, os valores e as institucións sociais públicas e privadas. Poder usar as achegas teóricas da socioloxía como unha ferramenta de análise e comprensión da realidade.	Know How	A12 B1 B13 B14
(*)Coñecer a evolución da familia, os diferentes tipos de familias, de estilos de vida e educación no contexto familiar para poder interaccionar coas familias.	know	A10 B13
(*)Comprender as demandas institucionais da educación no contexto actual (familia, relacións de xénero e interxeracionais, multiculturalidade e interculturalidade, discriminación e inclusión social, desenvolvemento sostible, impacto das linguaxes visuais).	know Know How	A12 B1 B12 B13
(*)Analizar o impacto social e educativo das linguaxes audiovisuais e das tecnoloxías, os cambios nas relacións de xénero e interxeracionais, a multiculturalidade e a interculturalidade, a discriminación e inclusión social e o desenvolvemento sostible.	know Know How	A4 B1 B13
(*)Descubrir os aspectos sociais non pedagóxicos implicados nos procesos educativos (conxuntura económica, evolución do mercado de traballo, transformacións sociais...).	know Know How	A6 B1 B21
(*)Adquirir destrezas para solicitar información e analizar sobre os puntos anteriores a través do traballo autónomo e en equipo.	Know How Know be	A10 B2 B6 B9
(*)Comprensión de textos complexos, resumir e articular información complexa ou de fontes diferentes.	Know How	A8 B1 B6
(*)Competencias para tarefas colaboradoras: capacidade de escoitar e comprender os demais, capacidade para facerse entender (oral, escrita), adaptación e calendarios de traballo e a cumprimentación das tarefas e os tempos, adaptar e reorganizar o traballo, asumir a responsabilidade propia e do grupo.	know Know How Know be	A10 B1 B2 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B11 B13 B14 B15 B16 B17 B18 B20 B21

## Contents

Topic	
(*)Conceptos xerais de socioloxía.	(*)Sociedade, cultura, socialización...
(*)Socioloxía da infancia.	(*)A infancia como categoría social. Infancia e escolarización.
(*)Evolución da familia.	(*)Cambios sociodemográficos e acceso ao mercado de traballo.
(*)Educación e cidadanía.	(*)Xénero, multiculturalidade, discriminación, inclusión social, participación na vida política e económica...).
(*)Contexto social e política educativa.	(*)Demandas sociais da educación e reformas educativas.
(*)Culturas familiares e cultura escolar.	(*)Reproducción cultural e factores sociais do rendemento escolar (clase, xénero...).
(*)Escola, familia e comunidade.	(*)Relación entre educación familiar, demandas da comunidade e práctica na escola.
(*)Reproducción social e cultural.	(*)Currículo oculto e socialización na aula.
(*)O centro educativo como escenario social.	(*)Socioloxía da interacción na aula e resolución de conflitos.
(*)Os media na educación.	(*)Impacto e uso das tecnoloxías na educación.

## Planning

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Group tutoring	8	8	16



Tutored works	13	42	55
Master Session	28	0	28
Multiple choice tests	2	34	36
Jobs and projects	2	13	15

\*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

### Methodologies

	Description
Group tutoring	(*)Directrices de elaboración do traballo, supervisión e resolución de dúbidas
Tutored works	(*)Elaboración dun proxecto de investigación
Master Session	(*)Explicación de contidos teóricos

### Personalized attention

	Description
Group tutoring	
Tutored works	
Jobs and projects	

### Assessment

	Description	Qualification
Group tutoring	(*)Avaliación continua (seguimento do traballo en aula e traballo autónomo)	25
Tutored works	(*)Memoria do traballo de investigación (proxecto e resultados)	35
Multiple choice tests	(*)Exame final sobre os contidos teóricos da materia	40

### Other comments and second call

### Sources of information

### Recommendations

**IDENTIFYING DATA****Comunicación: Lingua galega**

Subject	Comunicación: Lingua galega			
Code	O05G110V01201			
Study programme	Grao en Educación Infantil			
Descriptors	ECTS Credits	Type	Year	Quadmester
	6	Basic education	1	2c
Language	Galego			
Department	Filoloxía galega e latina			
Coordinator	Gutierrez Izquierdo, José Ramón			
Lecturers	Gutierrez Izquierdo, José Ramón			
E-mail	ramong@uvigo.es			

**Web**

**General description** A especialidade de Grao en Educación Infantil esixe que o futuro docente posúa, ademais dunha ampla formación en aspectos psicopedagóxicos, un dominio cabal da ferramenta básica e imprescindible na comunicación: a lingua. Tal competencia é condición sine qua non para a transmisión de coñecementos e para formar os discentes dun xeito integral. Tres son as destrezas que os profesores deben perfeccionar nas aulas para alcanzar os obxectivos inherentes á aprendizaxe desta materia: a capacidade lectora (comprensión, ritmo, dicción), a expresión oral (corrección, claridade, fluidez) e a expresión escrita (corrección, cohesión, propiedade).

O futuro mestre de Educación Infantil deberá, polo tanto, adquirir un nivel adecuado de lingua galega que lle permita o dominio das destrezas arriba sinaladas (lectura expresiva, expresión oral e expresión escrita) para levar a cabo unha tripla tarefa: utilizar a lingua galega como lingua normal no ensino, servir de modelo de corrección lingüística aos seus alumnos e detectar e corrixir os erros que estes poidan cometer na lingua oral e na escrita.

**Competencias de titulación****Code**

- A2 Capacitar os docentes para que aprendan a promover e facilitar as aprendizaxes na primeira infancia, desde unha perspectiva globalizadora e integradora das diferentes dimensións cognitiva, emocional, psicomotora e volitiva
- A4 Proporcionar ás alumnas e aos alumnos recursos para fomentar a convivencia na aula e fóra dela e abordar a resolución pacífica de conflitos. Saber observar sistematicamente contextos de aprendizaxe e convivencia e saber reflexionar sobre eles
- A5 Promover estratexias adecuadas para que na súa futura práctica docente as alumnas e alumnos poidan reflexionar en grupo sobre a aceptación de normas e o respecto aos demais. Promover a autonomía e a singularidade de cada estudante como factores de educación das emocións, os sentimentos e os valores na primeira infancia
- A6 Coñecer a evolución da linguaxe na primeira infancia, saber identificar posibles disfuncións e velar pola súa correcta evolución. Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e multilingües. Expresarse oralmente e por escrito e dominar o uso de diferentes técnicas de expresión
- A11 Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela nos estudantes
- B1 Capacidade de análise e síntese
- B2 Capacidade de organización e planificación
- B3 Comunicación oral e escrita
- B4 Coñecemento de lingua estranxeira
- B7 Resolución de problemas
- B11 Habilidades nas relacións interpersoais
- B12 Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
- B13 Razoamento crítico
- B14 Compromiso ético
- B15 Aprendizaxe autónoma
- B17 Creatividade
- B18 Liderado

**Competencias de materia**

Subject competences	Typology	Competences
---------------------	----------	-------------

Comprender os principios básicos das ciencias da linguaxe e a comunicación.	saber Saber estar / ser	A4 A6 B3 B11 B13 B14
Falar, ler e escribir correcta e axeitadamente en galego.	saber saber facer Saber estar / ser	A4 A5 A6 A11 B1 B2 B3 B11 B13 B15
Coñecer e dominar técnicas de expresión oral e escrita para mellorar as competencias orais e escritas e, especialmente, para mellorar a redacción de textos académicos.	saber saber facer	A5 A6 A11 B1 B3 B13 B17
Coñecer a fonética e a ortografía da lingua galega.	saber saber facer	A6 B3 B15
Coñecer a gramática da lingua galega.	saber saber facer	A2 A6 A11 B1 B3 B12 B15
Coñecer os diferentes rexistros e usos da lingua.	saber saber facer Saber estar / ser	A5 A6 A11 B3 B18
Comprender as regras de formación de palabras polas que a lingua galega enriquece o seu vocabulario por vía interna.	saber	A6 B1 B3 B7
Coñecer e utilizar adecuadamente un léxico suficiente para expresarse con precisión na exposición oral e na redacción de textos.	saber saber facer Saber estar / ser	A2 A4 A6 B3 B4 B7 B11 B12 B15

## Contidos

### Topic

Fonética e ortografía	O uso das grafías e o sistema fonético galego. A acentuación gráfica. Palabras de ortografía dubidosa. Os signos de puntuación.
-----------------------	--

Gramática

Substantivo e adxectivo.  
Artigo.  
Pronome persoal.  
Demostrativo.  
Posesivo.  
Indefinidos e numerais.  
Relativos, interrogativos e exclamativos.  
O adverbio.  
O verbo. O infinitivo conxugado. As perífrases verbais.  
Os elementos de relación: preposicións e conxuncións.  
A sintaxe oracional. Concordancia nominal e correlación verbal. A construción da oración.

Léxico e Formación de palabras

Palabras patrimoniais, semicultismos e cultismos.  
Grupos consonánticos.  
Sufixos e terminacións.  
Familias léxicas irregulares.  
Interferencias léxicas. Neoloxismos.  
A precisión léxica: selección do léxico, incorreccións comúns, tópicos e abusos.  
Procesos de formación de palabras e morfoloxía léxica.  
Derivación: prefixación e sufixación.  
Parasíntese.  
Composición.  
Outros procedementos.

### Planificación docente

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Resolución de problemas e/ou exercicios	13	17	30
Traballos tutelados	1	10	11
Presentacións/exposicións	0	10	10
Actividades introdutorias	6	0	6
Estudos/actividades previos	3	12	15
Sesión maxistral	26	48	74
Outras	4	0	4

\*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

### Metodoloxía docente

	Description
Resolución de problemas e/ou exercicios	Nas clases prácticas corríxense os exercicios (iniciados na aula ou na casa tras o estudo da materia), e despois coméntanse as dúbidas que puidesen quedar. Cada novo exercicio recolle aspectos esenciais do tema recién tratado e aspectos varios dos temas anteriores para propiciar unha retroalimentación da aprendizaxe.
Traballos tutelados	Elaboración dun texto escrito seguindo unha destas modalidades: o enfoque creativo do narrador-autor ou o enfoque expositivo e crítico do xornalista-ensaísta. Trátase de aprender os procedementos específicos e os procedementos comúns de ambos os dous enfoques: como se elabora un texto, cales son as técnicas para citar apropiadamente, de que maneira se debe proceder á hora de transmitir unha información, cales son as pautas axeitadas para a presentación dun traballo escrito, en que consiste a corrección lingüística, a cohesión estrutural e o uso axeitado dos signos de puntuación.
Presentacións/exposicións	Exposición oral dun tema de libre elección durante un mínimo de dez minutos. O tema debe ter o praxe previo do profesor e ha de figurar na parte posterior da ficha.
Actividades introdutorias	Presentación do sistema de traballo que debe interiorizar cada alumno para conseguir uns bos resultados. Avaliación inicial mediante un modelo de exame semellante ao que o discente deberá afrontar para superar a materia. Explicación das modalidades básicas na elaboración dun texto escrito.
Estudos/actividades previos	Lectura individual de tres obras literarias, que o profesor indicará cando comece o curso.
Sesión maxistral	Desenvolvemento do programa da materia, con especial atención á gramática do idioma.

### Atención personalizada

Description

